



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Teresa Táboas Veleiro** ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno, en relación co anuncio feito polo Goberno Estatal do Plan Extraordinario de Infraestruturas.

Os nacionalistas galegos levamos defendendo durante anos a necesidade de medios de transporte alternativos á utilización do vehículo privado. Porque somos conscientes de que o actual modelo de mobilidade está caduco dado o forte impacto para o medio ambiente, e economicamente tanto para o erario público como para os cidadáns, xa que a diferenza do custe de utilizar o vehículo propio ao transporte colectivo é un 30% maior. Por iso para o Bloque Nacionalista Galego as actuacións encamiñadas a mellorar as infraestruturas do transporte público colectivo deben ser estratéxicas, especialmente as vencelladas ao tráfico ferroviario que consideramos prioritarias pola súa grande capacidade de transporte e a súa baixa incidencia no medio ambiente. De aí que perante o anuncio feito polo Goberno do Estado a través do Ministerio de Fomento, dun forte investimento 17.000 millóns de euros nos vindeiros anos, dos cales o 70% irán adicados a mellorar as redes ferroviarias. Cremos que é o momento de loitar por conquistar para Galiza o investimento preciso para independizar as infraestruturas convencionais, das do tren de alta velocidade e poder iniciar así, non sen tempo, un servizo de tren de cercanías para o noso país.

Porén o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a iniciar, coa maior brevidade posíbel, as negociacións co Goberno do Estado co fin de comprometer unha cuantía mínima de 100 millóns de euros do chamado Plan Extraordinario de Infraestruturas do Ministerio de Fomento co fin de iniciar na Galiza un servizo de cercanías eficaz e eficiente que permita no século XXI un modelo alternativo de mobilidade.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2010.

Asdo.: Teresa Táboas Veleiro

Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Táboas Veleiro na data 13/04/2010 18:18:19**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 13/04/2010 18:18:26**